

## **CONDICIÓNS QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGUROS (CONTRATO MENOR) PARA O ANO 2026–2027 PARA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA.**

**OBXECTO** Servizo de seguros da Fundación de Exposicións e Congressos de A Estrada durante o ano 2026–2027. O acceso ao perfil do contratante realizarase a través da páxina web <https://feiradomoble.gal/>.

**ORZAMENTO** Existe crédito para a contratación. O valor estimado do servizo é de 2.000 € (IVE excluído).

O orzamento desta contratación non será obxecto de revisión, xa que no seu cálculo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante todo o prazo de execución.

**DURACIÓN** O servizo deberá estar completamente executado nos seguintes prazos:

- Seguro Multirisco Empresa: do 22 de marzo de 2026 ao 22 de marzo de 2027.
- Seguro de Responsabilidade Civil Xeral: do 16 de abril de 2026 ao 16 de abril de 2027.
- Seguro Feira do Moble de Galicia: do 9 ao 23 de setembro de 2026 (ambos incluídos).

**TIPO DE CONTRATO** Polo importe do servizo, con valor estimado de 2.000 € (IVE excluído), realizarase un contrato menor de servizos. O presente contrato ten carácter administrativo e rexerese polo establecido nestas condicións e na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Ademais, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

**CAPACIDADE PARA CONTRATAR** O adxudicatario deberá xustificar a súa capacidade para contratar coa Administración, así como acreditar a súa solvencia técnica e profesional.

As empresas que poidan participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para unha correcta execución das prestacións esixidas.

**Non está permitida a subcontratación.**

**PRESENTACIÓN DAS OFERTAS** As ofertas presentaranse na Administración da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada, con domicilio en Zona Deportiva s/n, A Estrada (Pontevedra), ou por medio de correo electrónico no enderezo [tesoureria@expoestrada.com](mailto:tesoureria@expoestrada.com).

As propostas deberán presentarse nun prazo de 10 días hábiles dende a publicación do anuncio na páxina web da Fundación.

Xunto coa proposta deberá presentarse unha declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para contratar coa Administración previstos no artigo 71 da LCSP.

Na oferta entenderanse incluídos todos os gastos e impostos de toda índole que graven os distintos conceptos, sen que poidan ser repercutidos como partidas independentes.

Serán tamén a cargo do adxudicatario os gastos de publicación de anuncios, así como cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e da formalización do contrato, e o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

**ÓRGANO DE CONTRATACIÓN** O órgano de contratación será o Comité Executivo da Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada.

**CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS PROPOSTAS** O órgano de contratación poderá adxudicar o servizo á proposta que obteña a maior puntuación, atendendo aos seguintes criterios:

- a) Proposición económica máis vantaxosa: **6 puntos**.
- b) Experiencia en empresas e institucións semellantes: **2 puntos**.
- c) Valoración polos traballos realizados para a Fundación e condición de colaborador: **1 punto**.
- d) Certificacións en calidade e medio ambiente: **1 punto**.

A puntuación máxima total será de 10 puntos. O Comité Executivo poderá solicitar os informes técnicos que considere convenientes para a valoración das ofertas, que quedarán incorporados ao expediente administrativo.

**FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** O órgano de contratación comunicará ao adxudicatario a adxudicación do contrato no prazo máximo de tres días hábiles seguintes ao acordo de contratación.

O contrato formalizarase mediante documento privado. A adxudicación será notificada aos licitadores e publicada simultaneamente na páxina web da Fundación.

**CONDICIÓNS PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO** A empresa adjudicataria presentará tanta documentación lle sexa requirida pola Fundación conforme ao previsto na LCSP.

**EXECUCIÓN DO CONTRATO** O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación indique o órgano de contratación. O adjudicatario designará unha persoa responsable do contrato.

A execución do contrato levarase a cabo a risco e ventura do contratista, sendo este responsable da calidade técnica do servizo, non podendo iniciarse a execución sen a súa previa formalización por escrito.

Corresponderán á Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada os poderes de verificación e control da execución do contrato. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas.

Condições mínimas das pólizas

Seguro Multirrisco Empresa

Riscos asegurados – capitais mínimos:

- **Contido:**
  - Mobiliario, maquinaria e axuar: 175.000 €
  - Bens de terceiros: 45.000 €
- **Continente: 865.000 €**

**Garantías básicas de contido:**

- Incendio e complementarios: 220.000€
- Riscos extensivos (100 %)
- Escapes de auga (100 %)

**Garantías básicas de continente:**

- Incendio y Complementarios: 865.000€
- Extensivos: 100%
- Escapes de Agua: 100%

**Garantías opcionais:**

- Responsabilidade civil de explotación: 600.000 €
- Responsabilidade civil de accidentes de traballo: 600.000 €

- Responsabilidade civil de produtos/post-traballos: 600.000 €
- Roubo: 50 %
- Danos de orixe eléctrica: 6.000 €
- Equipos electrónicos: 6.000 €
- Protección xurídica
- Riscos extraordinarios e catastróficos

### Seguro de Responsabilidade Civil Xeral

- Actividade: feiras e exposicións
- Responsabilidade civil de explotación: 605.000 €
- Límite por vítima: 150.000 €
- Responsabilidade civil de accidentes de traballo: 605.000 €
- Límite por vítima en accidentes de traballo: 90.000 €
- Protección xurídica incluída

### Seguro Feira do Moble de Galicia

Período: do 9 ao 23 de setembro de 2026

- Bens de terceiros asegurados: 2.000.000 €
- Franquía xeral: 150 €

Inclúense as coberturas de danos materiais, gastos derivados e prestacións adicionais conforme ás condicións mínimas establecidas na póliza.

**RESOLUCIÓN DO CONTRATO** Serán causas de resolución do contrato, nos termos que establece o artigo 112 do RXLCAP, ademais das previstas nos artigos 245 e 294 da LCSP, as seguintes:

- O incumprimento das obrigas ou prohibicións enumeradas no presente prego.
- A grave deficiencia na prestación do servizo por parte do adxudicatario, debidamente documentada pola Fundación.

**PAGOS AO ADXUDICATARIO** O adxudicatario terá dereito ao abono, con arranxo aos prezos contratados, do servizo efectivamente executado.

Colabora

O importe do servizo realizado acreditarase mediante a presentación da correspondente factura, así como da documentación que, de ser preciso, xustifique a realización total ou parcial do contrato.

No caso de conformidade co servizo prestado, o responsable do contrato conformará a factura. En caso contrario, emitirá un informe motivado da súa discrepancia, que será notificado ao contratista, concedéndolle un prazo de audiencia de 10 días a contar dende o día seguinte ao da notificación.

A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro contable correspondente. O pagamento dos importes relativos ao servizo controvertido non se tramitará ata que se emenden as deficiencias detectadas e se presente nova factura.

A Fundación procederá, con carácter xeral, ao abono da factura no prazo máximo de 30 días dende a súa recepción conforme á normativa vixente.

Colabora